

Resolución pola que se procede á execución da sentenza correspondente ao P.A. 302/2015 –Recurso de Apelación 234/2016- en relación co concurso para a contratación laboral de persoal docente (profesor contratado interino de substitución, prazas 15/3011 e 15/3012) convocado pola Resolución Reitoral do 21.07.2015.

FEITOS

Primeiro. A sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao coñecer do recurso 234/2016 revoga a sentenza ditada o 03.04.2016 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, ditada no procedemento abreviado nº 302/2015, seguido a instancia de Francisco Jesús Ferreiro Seoane contra a Universidade da Coruña, en relación con dúas prazas de profesor contratado interino de substitución (prazas núm. 15/3011 e 15/3012), estima parcialmente o recurso de apelación e ordena a retroacción de actuacións para que se estableza de novo -consonte aos criterios que fixa- a puntuación total dos aspirantes en orde ao seu dereito á praza.

A parte dispositiva da sentenza establece que: *“estimando el recurso interpuesto por el apelante ..ordenando la retroacción del expediente al momento del establecimiento de los criterios para la valoración de los cursos de master universitario o doctorado y también en relación con el doctorado, debiendo procederese a realizar una nueva valoración de los candidatos con arreglo a los criterios que se dejan expuestos en el fundamento de derecho cuarto de la presente sentencia”.*

Segundo. O 13.06.2018 esta Reitoría resolveu retrotraer as actuacións para os efectos de que o vicerreitor de profesorado dese traslado á Comisión de valoración e esta procedese, consonte aos criterios fixados no fundamento xurídico cuarto da precitada sentenza, a establecer de novo a puntuación total dos aspirantes en orde ao seu dereito ás prazas.

Terceiro. O 28.06.2018 reuniuse a Comisión Avaliadora das prazas 15/3011 e 15/3012. Segundo a Acta desaxuntanza, que tivo lugar ás 09.30 horas, correspóndenlle ao Sr Ferreiro Seoane a puntuación que resulta das táboas resumo que se transcriben de acordo coas consideracións realizadas pola dita Comisión de Selección nesa xuntanza:

Praza 15/3011

Nome e apelidos	Puntuación total ponderada
Ferreiro Seoane, Francisco Jesús	16,11
Rodríguez Gulías, María Jesús	15,23
González García, Isaías	14,80
Garrido González, María Luz	14,10
Lado González, Eva María	13,49
Enríquez Díaz, Joaquín	12,79
Barreiro Gen, María	11,96

praza 15/3012

Nome e apelidos	Puntuación total ponderada
Ferreiro Seoane, Francisco Jesús	16,11
Rodríguez Gulías, María Jesús	15,23
González García, Isaías	14,80
Garrido González, María Luz	14,10
Enríquez Díaz, Joaquín	12,79
Barreiro Gen, María	11,96
Rodríguez Alba, Carlos Ángel	10,48

Código Seguro De Verificación	cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/07/2018 13:22:11
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==		





Á vista das puntuacións obtidas resulta que procedería terlle adxudicado as prazas ao Sr. Ferreiro Seoane e non a Isaías González García (15/3012) nin a María Jesús Rodríguez Gulías (15/3011).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa establece no artigo 103.2 a obriga das partes de cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent e no artigo 104.1 dispón que: *“luego que sea firme una sentencia, se comunicará en el plazo de 10 días al órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso, a fin de que, una vez acusado recibo de la comunicación en idéntico plazo desde la recepción, la lleve a puro y debido efecto y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo”*.

No presente caso, a valoración dos méritos das persoas aspirantes ás prazas, nos termos establecidos pola sentenza antes citada, implicou a realización dunha nova valoración tanto dos mestrados (Bloque II.I) como da tese de doutoramento (Bloque II.II). Tales valoracións conlevaron a atribución dunha nova puntuación aos candidatos da que resultaría a procedencia da adxudicación das prazas 15/3011 e 15/3012 ao Sr. Ferreiro Seoane.

Segundo. O Convenio Colectivo do Persoal Docente Investigador Laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (publicado no DOG núm. 74 do 14.04.2011) establece no seu artigo 24.2 que: *“Será incompatible a formalización de dous contratos simultáneos con persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio, sen prexuízo das excepcións que poida recoller a lexislación vixente en cada momento”*.

A impartición da docencia da praza 15/3011 coincide no tempo coa impartición de docencia na praza 15/3012 xa que ambas tiveron lugar en idéntico lapso temporal (curso académico 22015/2016).

En consecuencia, tendo en conta que resulta incompatible o desempeño de ambos postos segundo o artigo 24.2 do Convenio aplicable e que concorre unha imposibilidade material de desempeño simultáneo de ambos postos, procede recoñecer, con efectos declarativos, que o Sr. Ferreiro Seoane obtivo a máxima puntuación no concurso convocado para a cobertura de prazas de profesor interino de substitución, en concreto nas prazas 15/3011 e 15/3012 incardinadas na área de Economía Financeira e Contabilidade.

Terceiro. Por isto, en cumprimento e execución da sentenza ditada o 29.03.2017 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao coñecer do recurso de apelación núm. 234/2016 derivado do Procedemento Abreviado núm. 302/2015 turnado ao Xulgado Administrativo nº 3 da Coruña, no uso da competencia atribuída polo disposto nos artigos 13.b e 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE nº 307, do 24 de decembro), nos artigos 22.b, 34 e 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG nº 100, do 26 de maio) e no artigo 104 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa (BOE nº 167, do 14 de xullo), esta Reitoría

RESOLVE

1. Declarar que o Sr. Ferreiro Seoane obtivo a máxima puntuación no concurso convocado para a cobertura de prazas de profesor interino de substitución, en concreto no tocante ás prazas 15/3011 e 15/3012 incardinadas na área de Economía Financeira e Contabilidade.
2. Concederlle ao Sr. Ferreiro Seoane un prazo de 10 días, que contarán a partir do día seguinte ao de recepción desta resolución, para que:

2.a) Exercite o seu dereito de opción entre as dúas prazas precitadas nas que foi o Sr. Ferreiro Seoane o candidato que obtivo a maior puntuación

2.b) Indique, para o efecto de lle aboar as retribucións deixadas de percibir, se durante o curso académico no que tería impartido docencia (curso académico 2015/2016) formalizou algún contrato dos contemplados no artigo 24.2 do Convenio Colectivo do Persoal Docente Investigador Laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo precitado, ou

Código Seguro De Verificación	cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==		
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	04/07/2018 13:22:11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==		
		Páxina	2/3





desenvolveu algunha outra actividade pública ou privada das comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das administracións públicas. En caso afirmativo, deberá remitir unha copia do correspondente contrato ao servizo de Persoal Docente Investigador da UDC.

3. Publicar a presente Resolución no Taboleiro electrónico oficial da UDC (artigo 13 e seguintes do regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da UDC aprobado por acordo do consello de goberno do 27.06.2012, modificado 28.11.2014 -DOG 241, do 17 de decembro de 2014) e
4. Notificar esta Resolución Reitoral ao Sr. Ferreiro Seoane, María Jesús Rodríguez Gulías, Isaías González García, María Luz Garrido González, Joaquín Enríquez Díaz, María Barreiro Gen, Eva María Lado González e Carlos Ángel Rodríguez Alba.

Contra a presente Resolución, que se dita en execución de sentenza, non cabe recurso ningún, agás as actuacións que os interesados podan promover perante o Xulgado núm. 3 do Contencioso Administrativo da Coruña.

A Coruña, 4 de xullo de 2018

O Reitor

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	04/07/2018 13:22:11
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/cNvvZdvZG0UKzoThgFz92A==		

